



## CONCELLO DE NIGRÁN (Pontevedra)

Pza Constitución, 1 CP 36350  
Tfno. 986 365 000 Fax 986 383 931

### ACTA N.º 5/2018 SESIÓN EXTRAORDINARIA DO PLENO DO CONCELLO CELEBRADA O 16 DE MAIO DE 2018

#### ORDE DO DÍA

- 1.- CESIÓN DO CONTRATO DE REDACCIÓN DO PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL
- 2.- MODIFICACIÓN DAS BASES DO III PLAN DE BECAS MUNICIPAIS
- 3.- BASES ESPECÍFICAS QUE REXERÁN A CONCESIÓN DE SUBVENCIÓNS PARA ACTIVIDADES CULTURAIS DO MUNICIPIO
- 4.- BASES ESPECÍFICAS QUE REXERÁN A CONCESIÓN DE SUBVENCIÓNS PARA ACTIVIDADES DE FOMENTO DA PRÁCTICA DO DEPORTE DO MUNICIPIO
- 5.- BASES ESPECÍFICAS QUE REXERÁN A CONCESIÓN DE SUBVENCIÓNS PARA O FOMENTO DO ASOCIACIONISMO E ACTIVIDADES FESTEIRAS DO MUNICIPIO

#### ASISTENTES:

##### *Grupos:*

- PSOE:

##### **Alcalde-Presidente:**

- D. Juan Antonio González Pérez

##### **Concelleiros/as:**

- D.<sup>a</sup> Raquel Giráldez Armas
- D. Diego García Moreira
- D. Rubén Rial Sánchez
- D.<sup>a</sup> Ana Pérez Pérez
- D. José Luis Sanromán Román
- D. Alfonso Vázquez Pérez

- PP:

- D. Alberto Valverde Pérez
- D. Alberto García Pazos
- D.<sup>a</sup> Liliana Silva Pequeño
- D.<sup>a</sup> M.<sup>a</sup> Carmen Alonso Macías Jorreto
- D. Miguel Alonso Fernández
- D.<sup>a</sup> Rosa Rodríguez Rodríguez

- NIGRÁN DECIDE:

- D. José Cuevas Raposo
- D. Anxo Daniel Mosquera Nogueira

-UCNigrán:

- D. Antonio Fernández Comesaña

- BNG:

- D. Xavier Rodríguez Fernández

---

Interventor: D. Modesto Solla Sanz  
Secretario: D. Julio César Doallo Álvarez





### Outros datos da sesión:

- *Data:* Mércores, 16 de maio de 2018
- *Lugar de celebración:* Salón de Sesións da Casa do Concello de Nigrán
- *Carácter da sesión:* extraordinario
- *Convocatoria:* primeira
- *Hora de comezo:* 12:04
- *Hora de remate:* 13:28
- *Número legal de membros da Corporación:* 17
- *Número de membros asistentes no momento da constitución:* 16

### Incidencias:

a) Alteracións no *quórum* de asistencia:

- *Membros da Corporación que se incorporan durante a sesión, e momento en que o fan:* D.<sup>a</sup> Ana Pérez Pérez, durante o debate do punto 1 da orde do día.
- *Membros da Corporación que abandonan a sesión:* Ningún.

b) Outras incidencias: Non se recollen.

---

Coas circunstancias sinaladas celebrouse, en acto público, a sesión plenaria á que se refire a presente acta, na que se trataron os asuntos que seguidamente se describen:

## 1.- CESIÓN DO CONTRATO DE REDACCIÓN DO PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL

Na sesión extraordinaria da Comisión Informativa de Asuntos Xerais do 10 de maio de 2018, vista a proposta formulada pola Alcaldía-Presidencia (CSV ZY0XP6JM1R3JA6F2) acordou ditaminar o seguinte:

“Este Concello tivo constancia do escrito enviado por EPTISA (Servicios de Ingeniería S.L.) na data 21/08/2017 onde manifesta a súa vontade de ceder o contrato de redacción do Plan Xeral de Ordenación Municipal a ALFONSO BOTANA S.L.

Con data 23/10/2017 ALFONSO BOTANA S.L. entrega a documentación necesaria para a cesión do contrato, xustificando a solvencia económica e técnica da empresa. Con data 12/12/2017 EPTISA (Servicios de Ingeniería S.L.) entrega a documentación necesaria sobre os traballos realizados ata o momento para poder valorar a cesión do contrato.

No informe emitido polo Arquitecto Municipal de data 22/12/2017, o técnico responsable do Departamento de Urbanismo e polo tanto, capaz de analizar a información entregada pola empresa, conclúe que segundo a súa opinión e a metodoloxía propia utilizada, a porcentaxe do traballo realizado por EPTISA (Servicios de Ingeniería S.L.) sería do 24,5%, segundo relata o informe 394-17:

“En consecuencia, estaríamos ante unha porcentaxe de execución dun 24,5 %, na fase





entre aprobación inicial e provisional, ao que se tería que sumar o 50% da aprobación inicial, polo que se pode estimar que estaríamos ante un 74,5% do traballo total, sempre segundo criterios propios anteriormente descritos, e coas salvedades expostas no punto SEXTO”

Dito informe do Arquitecto Municipal tamén analiza a solvencia técnica da empresa ALFONSO BOTANA S.L. acadando a conclusión que segundo os requerimentos do propio plego técnico do contrato de redacción do Plan Xeral de Ordenación Municipal a puntuación de ALFONSO BOTANA S.L. sería de 23,11 puntos, sendo necesario adacar un mínimo de 20 puntos.

Tendo en conta de que as fases recollidas no prego de condicións, o son a efectos de aboamentos do contrato, sen reflectir de xeito expreso unha correspondencia directa destes aboamentos co traballo executado, como se desprende da metodoloxía razoada do informe de Urbanismo.

Esta copia pode verificarse en [sede.nigran.org](http://sede.nigran.org) introducindo o CSV ZY0XP6JM1R3JA6F2 Así mesmo, tamén de que, nos informes obrantes no expediente, posteriores ao informe de Urbanismo, non se recolle metodoloxía alternativa ou contraditoria algunha para motivar o cálculo do 20% do importe do contrato, condición esixida na Lei de contratos do sector público.

Tampouco se ten motivado nestes informes se o devandito 20% debe ser referido á totalidade do contrato ou á parte asumida pola empresa cesionaria, conta tida de que estamos ante unha segunda cesión do contrato inicial, (circunstancia non contemplada de xeito expreso na lei de contratos, e sobre a que no se achega interpretación xurídica ou xurisprudencia algunha), do que xa se ten aboado o 50 %.

En consecuencia, dos informes obrantes no expediente, só se pode concluir a execución do porcentaxe de traballo acadado e, a falta doutra interpretación, resulta razoable a correspondencia desta porcentaxe de traballo co importe do contrato executado, que neste caso superaría o devandito 20%.

Estando completo o expediente e dispoñendo dos informes técnicos perceptivos emitidos dende os diferentes departamentos, considérase que se cumpren as condicións legalmente establecidas para a cesión do contrato de redacción do Plan Xeral de Ordenación Municipal por EPTISA (Servicios de Ingeniería S.L.) a favor de ALFONSO BOTANA S.L. dado que da interpretación integrada dos devanditos informes, pode concluirse a execución do 20% do importe do contrato, en base a correspondencia co traballo executado, entendendo que as fases do prego establecen estritamente fitos de aboamento, non necesariamente correspondentes ao traballo executado, e polo tanto ao porcentaxe de contrato cumprido.

Por todo o anterior formulase a seguinte proposta ao Concello Pleno co seguinte ACORDO:

PRIMEIRO.- Levantar os reparos da intervención municipal.

SEGUNDO.- Autorizar que a empresa EPTISA (Servicios de Ingeniería S.L.) ceda o contrato





de redacción do Plan Xeral de Ordenación Municipal de Nigrán á empresa Alfonso Botana S.L., quen quedará subrogada en todos os dereitos e obrigacións contractuais da cedente.

TERCEIRO.- A cesión do contrato formalizarase en escritura pública, a subscribir entre a empresa cedente e a cesionaria.

CUARTO.- Facultar á Alcaldía para realizar as actuacións necesarias para a execución do presente acordo incluída a devolución da garantía definitiva depositadas pola empresa cedente; devolución que non se producirá ata que a empresa cesionaria constitúa garantía equivalente.

QUINTO.- Notificar este acordo á empresa cedente e á empresa cesionaria e á Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio e indicar que esta resolución pon fin á vía administrativa polo que contra a mesma cabe interpoñer potestativamente RECURSO DE REPOSICIÓN, no prazo dun mes, ante o mesmo órgano que a ditou, ou interpoñer directamente RECURSO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO ante o correspondente Xulgado do Contencioso-Administrativo no prazo de dous meses a contar dende a notificación. Todo sen prexuízo de que poida exercitar, no seu caso, calquera outro recurso que estime procedente.”

#### **Deliberación.- Síntese das intervencións:**

*Sr. Alcalde-Presidente:* O asunto tratouse no Pleno de abril e quedou sobre a mesa. Xa había informes, uns máis favorables que outros, pero a proposta era moi lacónica. Preparouse unha nova proposta máis completa. Le a parte dispositiva da que foi ditaminada pola Comisión. A historia do PXOM é extremadamente longa. Sen cesión quedamos sen plan. Neste caso seguirían os mesmos técnicos, que constituíron unha nova empresa. Máis alá dos informes, uns máis favorables que outros, tócalle falar aos políticos que deben ter en conta a necesidade de continuar co plan. Pide o apoio dos grupos, e senón que se absteñan, para que o goberno poida asumir a decisión.

*D. Diego García Moreira, concelleiro Delegado:* Aínda que a nova proposta é mellorable, hai que ter en conta que o tema é interpretable e que esta proposta foi redactada por dous técnicos municipais, un deles con formación xurídica, que no pasado desempeñou funcións de Técnico de Administración Xeral. Hai informes suficientes no expediente. O que ofrece dúbidas é a cuestión de se se cumpre ou non o requisito do 20 por 100. Neste punto, pódense seguir pedindo informes ou tomar a decisión de ceder o documento. Pide que, polo menos, se absteñan os que non están de acordo, para poder continuar coa tramitación do Plan Xeral.

*D. Alberto Valverde Pérez, do grupo Popular:* O asunto quedou sobre a mesa porque os informes din que non se dan os requisitos para a cesión. Só se está tendo en conta o primeiro informe do Arquitecto. O do Técnico de contratación é desfavorable. O do Arquitecto emitido en segundo lugar tamén achega dúbidas. O Secretario di que falta un dos requisitos necesarios para a cesión. A cesión é importante, pero hai que facela con garantías. Absteranse, pero a cuestión non é política. Non hai garantías legais de que isto sexa correcto. O que se pedía no Pleno anterior eran unhas garantías que agora non se achegan. A responsabilidade é do goberno, tendo en conta que isto pode facer fracasar o





plan. Estamos a tempo de pensalo e ofrecer maior seguridade. O grupo Popular é favorable á cesión, pero non nestes termos.

*D. José Cuevas Raposo, do grupo Nigrán Decide:* A proposta anterior estaba mal feita, con moitas carencias. Pediron que quedase sobre a mesa por esas deficiencias. A tramitación deste asunto leva aberta un ano. Non se requiriu á empresa redactora que seguise o traballo. Na documentación facilitada observaron que os traballos non levan un bo rumbo. Non se sabe quen lle deu instrucións ao equipo redactor para introducir determinados cambios, que prexudican ao comercio pequeno, favorecen iniciativas presuntamente delitivas, ou reducen a reserva de vivendas de promoción pública. No que se refire ao contrato, sempre se observou un defectuoso cumprimento. É necesario rescindilo e contratar un novo, aínda aproveitando o que se poida do que xa está feito. Os informes técnicos non son favorables e pregunta se se lle está recoñecendo a EPTISA que fixo un traballo valorado en 40.000 euros. A nova empresa tería que rematar en tres meses. Recórdalle ao Alcalde que prometeu que en outubro estaría o plan para remitilo a informe da Xunta.

*D. Antonio Fernández Comesaña, do grupo UCN:* A tramitación dun PXOM leva case 20 anos en marcha. A primeira empresa quebrou, pero cobrou case a metade do orzamento. Os problemas fóronse acumulando e a nova empresa tiña que facer fronte a moitas deficiencias. As cousas seguíronse complicando e a inquietude do seu grupo foi en aumento. Agora chegamos a unha situación límite. Parece que a resposta ás alegacións é maioritariamente favorable, o que representa un punto a favor. Aquí partiuse dun prezo insuficiente, que aínda se reduciu máis no momento da primeira cesión. Agora resta moi pouco importe para o traballo que falta. Por outra parte, cada vez hai máis intervencións sectoriais, por exemplo a cuestión da suficiencia dos recursos hídricos está xerando problemas. Mellorouse a proposta que se trae en relación co Pleno anterior. Á cesión anterior tamén se formularon reparos xurídicos. El non vai ser un obstáculo para esta cesión, e por iso se absterá. Debería haberse pedido algún informe complementario que dese máis amparo. Insta ao goberno a que se implique máis no impulso do proceso de tramitación.

*D. Xavier Rodríguez Fernández, do grupo BNG:* Esta non é a solución do BNG. Manteñen a súa postura de 2014: resolver o contrato e adxudicar a parte restante do mesmo. Non pretendían botar abaixo o proceso, senón garantir a súa continuidade con maior dotación económica e maior solvencia. Non queren unha adxudicación a dedo, senón un novo concurso público para adxudicar o que falta, senón podemos estar caendo unha e outra vez no mesmo erro. O diñeiro xa gastado hai que facelo rendible e por iso promoven unha contratación limitada ao que falta. Non van impedir que o plan siga adiante.

*Sr. Alcalde-Presidente:* Recoñécese que a cesión é necesaria e o plan é vital. Isto é o que os impulsa a traer esta proposta. Non houbo dilatación no procedemento á vista da data dos informes. O único titular que buscan é que o plan segue adiante. Van traballar con este propósito. Agradece aos grupos as súas posturas.

*Sr. Valverde Pérez:* Todos están de acordo con que o plan é vital. Isto non é incompatible con facelo con maiores garantías. O que lastrou o asunto foi a sucesiva situación das empresas adxudicatarias, unido á complexidade do proceso, modificacións legais, etc. A primeira cesión tiña un amparo legal, á diferenza da actual, que carece das garantías





suficientes.

*Sr. Cuevas Raposo:* Esta é unha decisión política na que aparecen diferentes sensibilidades. Tampouco eles pretenden que se empece de cero.

*Sr. Fernández Comesaña:* Insiste en que a anterior cesión tampouco foi pacífica. Recoñece que non se pode prognosticar o que vai pasar no futuro.

*Sr. Rodríguez Fernández:* Pensa que cunha dotación adicional dunhas decenas de miles de euros, podería abrirse esa contratación da parte que falta. Coincide en que seguir co plan é fundamental.

**Votación e acordo.-** Previa votación ordinaria, adoptouse o acordo que a seguir se fai constar:

- Votos a favor: 7; PSOE.
- Votos en contra: 2; Nigrán Decide.
- Abstencións: 8; PP, UCN e BNG.

Coa maioría sinalada, o Pleno do Concello acorda aprobar nos seus propios termos a proposta ditaminada pola Comisión Informativa.

## 2.- MODIFICACIÓN DAS BASES DO III PLAN DE BECAS MUNICIPAIS

Na sesión extraordinaria da Comisión Informativa de Asuntos Xerais do 10 de maio de 2018, vista a proposta formulada pola Alcaldía-Presidencia (CSV R4XR2J77SJA0X8MO) acordou ditaminar o seguinte:

“EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

O 01/02/18, o Pleno do Concello na súa sesión ordinaria adoptou, entre outros, o acordo de aprobar a convocatoria do III Plan de Becas Municipais de Nigrán.

Esta convocatoria foi remitida á Base de Datos Nacional de Subvencións segundo a normativa de aplicación en vigor, publicándose o seu extracto no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra, o 16/04/18 e abrindo, a partir desa data, o prazo oficial de presentación de instancias.

A maiores da publicación obrigatoria e oficial no BOP, a existencia deste plan foi difundida a través da totalidade de medios dos que dispón esta administración local: prensa, Sede Electrónica Municipal, correos electrónicos a distintas entidades formativas e profesionais, taboleiros de anuncios, departamentos municipais, redes sociais... confiando en que, dado o proveito formativo e laboral que as persoas beneficiarias poderían obter desta iniciativa, houbera un importante número de persoas interesadas que permitise poñer en marcha dito programa.

Rematado o prazo de presentación de solicitudes o 30/04/18, non houbo





candidaturas suficientes presentadas para as sete prazas de xestión da administración, polo que a convocatoria divídese en dúas fases a partir deste momento:

- FASE A: A continuación do procedemento de selección para as tres persoas actualmente candidatas a este programa.

- FASE B: Unha nova convocatoria das prazas que queden vacantes tralo remate da fase anterior que inclúa unha modificación dalgúns dos criterios de selección establecidos como medida para intentar arranxar esta situación e permitir o acceso ás becas as persoas interesadas que por diferentes motivacións non houberen podido presentarse no prazo inicial. Esta corporación non considera oportuno eliminar un programa no que confía e que está segura de que pode supoñer unha gran vantaxe competitiva para as persoas beneficiarias do mesmo á hora de incorporarse ao mercado laboral ordinario. Obviamente, parece existir algún problema que impide e/ou dificulta o acceso da nosa veciñanza a este plan, polo que, ante esta situación esta corporación analizou o conxunto das bases propoñendo neste momento modificacións en dous apartados: requisitos mínimos das persoas beneficiarias e titulacións válidas para optar ás becas.

#### A) PRIMEIRA MODIFICACIÓN: REQUISITOS MÍNIMOS

Esta corporación considera que pode e debe realizarse unha modificación dos devanditos requisitos de tal xeito que, mantendo en todo momento o obxectivo de priorizar a incorporación a este programa de persoas empadroadas en Nigrán, desempregadas e sen experiencia previa na súa rama de titulación, poida ampliarse o conxunto de potenciais persoas beneficiarias.

Así, estes requisitos mínimos quedarían especificados como se expresa a continuación:

REQUISITOS MÍNIMOS: as persoas interesadas terán que

- a) Estar en posesión das titulacións e perfil específico que se establezan para cada unha das becas convocadas.
- b) Ter rematadas ditas titulacións no ano 2012 ou con posterioridade a esa data.
- c) Acreditar o coñecemento da lingua galega, nivel Celga III.
- d) Non estar incapacitadas físicamente nin padecer enfermidade que poida impedir o desenvolvemento da actividade obxecto da beca.
- e) Estar desempregadas inscritas na oficina do Servizo Público de Emprego de Galicia no momento de presentación da solicitude, tendo, nun cómputo total dos últimos 24 meses contabilizados ata a data de presentación da instancia de participación, un mínimo 60 días de desemprego acreditados segundo certificado de períodos de inscrición. Permitirase a mellora de emprego, sempre que, segundo reflecta á vida laboral da persoa candidata no apartado "CTP %", dita porcentaxe non sexa superior ao 18,75%.
- f) Constar empadroadas neste concello, con antigüidade de tres meses, en relación coa data desta convocatoria.
- g) Non ter experiencia laboral previa na profesión ou área de coñecementos, entendendo por tal non ter estado/a contratado/a polos grupos de cotización correspondentes aos niveis formativos da titulación esixida máis de 186 días dende o ano 2012, ou non ter estado/a de alta como autónomo/a, en actividades relacionadas co obxecto da beca máis de 186 días





dende o ano 2012, nen gozar con anterioridade doutra beca de calquera organismo público e/u privado para formarse na súa rama profesional e para a mesma titulación.

h) Estar dispostas a asumir os gastos de desprazamento ao centro de formación de destino.

i) Non estar incursas nalguna das prohibicións sinaladas no artigo 13 da lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións.

## B) SEGUNDA MODIFICACIÓN: BECAS CONVOCADAS:

Respecto a este punto, a corporación considera que pode tamén realizarse unha ampliación das titulacións universitarias, recollendo aquelas relacionadas coa xestión de xeito xeral, de tal forma que a formación válida para optar ás sete becas sería a seguinte:

- Titulación mínima: Ciclo medio de xestión administrativa.
- Titulacións aceptadas (escollidas pola súa relación coas tarefas habitualmente desenvolvidas nos departamentos municipais de posible destino das persoas becarias):
  - Ciclos superiores da rama FP “Administración e xestión”.
  - Titulacións universitarias de rama xurídica.
  - Titulacións universitarias de rama laboral.
  - Titulacións universitarias de ramas económicas e/ou empresariais.
  - Titulacións universitarias da rama de xestión.

O Tribunal terá a competencia exclusiva para determinar se a titulación alegada pola/s persoa/s aspirante/s pode ou non encadrarse nas ramas anteriormente citadas.

Partindo do xa exposto e analizados os antecedentes especificados, fórmulase a seguinte:

### PROPOSTA:

1. Aprobar a modificación das bases de convocatoria do III Plan de Becas Municipal do Concello de Nigrán, incluíndo as variacións que se recollen nesta proposta.
2. Continuar co procedemento establecido en ditas bases e na lexislación concordante de aplicación, para levar esta modificación á correspondente aprobación plenaria e, no caso de ser xurídicamente necesario, a unha nova publicación na Base de Datos Nacional de Subvencións e/ou BOP de Pontevedra.
3. Establecer un novo prazo de presentación de solicitudes de 15 días hábiles para a cobertura das prazas que queden vacantes ao remate da FASE A), que dependerá da necesidade ou non de realizar unha nova publicación na Base de Datos Nacional de Subvencións e/ou BOP de Pontevedra.
4. Proceder a informar destes cambios mediante prensa, Sede Electrónica, correos electrónicos a distintas entidades, taboleiros de anuncios, departamentos municipais, redes sociais... para acadar a súa máxima difusión.”

O texto das bases do III Plan de Becas Municipal do Concello de Nigrán ditaminado pola Comisión de Asuntos Xerais é o que se contén no documento con CSV HJSKSR07ZYD8GE1O.







**Deliberación.-** Síntese das intervencións:

*D<sup>a</sup>. Raquel Giráldez Armas, do grupo Socialista:* Explica as razóns das modificacións introducidas nas bases que non seu día aprobara o Pleno, e menciona os aspectos aos que se refiren.

*D<sup>a</sup>. María Carmen Alonso Macías Jorreto, do grupo Popular:* Non se cubriron as prazas ofertadas. Isto tampouco vai garantir que se cubran. O que falta é adaptarse ás necesidades do mercado.

*D. José Cuevas Raposo, do grupo Nigrán Decide:* De novo votarán a favor, porque apoian que se dea esta oportunidade. Sería conveniente que analicen as causas polas que non se cobren as prazas.

*D. Antonio Fernández Comesaña, do grupo UCN:* Mantén o voto afirmativo da Comisión. É un incentivo para que a xuventude poida beneficiarse.

*D. Xavier Rodríguez Fernández, do grupo BNG:* Hai un problema de deseño destas becas. Ademais, parécese moito a postos de traballo. Formularon algunhas observacións para mellorar as bases, como o tempo de empadramento. Pide que no futuro se elimine a entrevista persoal pola falta de transparencia.

*Sr. Alcalde-Presidente:* Trátase de axudar a quen quere abrirse ao mercado laboral. Espera que se cubran as que se convocan. Dá conta da proposta ditaminada.

**Votación e acordo.-** Previa votación ordinaria, adoptouse o acordo que a seguir se fai constar:

- Votos a favor: 16; PSOE, PP, Nigrán Decide e UCN.
- Votos en contra: Ningún.
- Abstencións: 1; BNG.

Coa maioría sinalada, o Pleno do Concello acorda aprobar nos seus propios termos a proposta ditaminada pola Comisión Informativa.

**3.- BASES ESPECÍFICAS QUE REXERÁN A CONCESIÓN DE SUBVENCIONS PARA ACTIVIDADES CULTURAIS DO MUNICIPIO**

A Comisión Informativa Especial de Contas, con data 18 de abril de 2018, ditamina favorablemente a seguinte proposta:

**APROBACIÓN DAS BASES ESPECÍFICAS PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCIONS PARA ACTIVIDADES CULTURAIS DO MUNICIPIO .**

*Expte. 2018000601SV*





*A liña estratéxica 2 do Plan estratéxico de Subvencións do Concello de Nigrán (Anos 2016 a 2019) ten como obxectivo apoiar as iniciativas, actuacións e programas de promoción da cultura que complementen ao conxunto de accións realizadas polo Concello na materia.*

*Sendo isto así, de conformidade co previsto no artigo 25.2.m da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, e no artigo 80.2.n da Lei 5/1997 de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, propónse ao Pleno a adopción do seguinte **ACORDO**:*

**PRIMEIRO.-** *Aprobar as bases específicas para a concesión de subvencións para actividades culturais do municipio, co texto que se insire a continuación, correspondente á proposta desta Alcaldía obrante ao expediente:*

### **“BASES ESPECÍFICAS PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCIÓNS PARA ACTIVIDADES CULTURAIS DO MUNICIPIO**

*As presentes bases específicas, que rexerán a concesión de subvencións en réxime de concorrencia competitiva para o desenvolvemento de actividades que persigan un fin cultural, estarán suxeitas á Lei 38/3003 do 12 de novembro, Xeral de Subvencións (en adiante LXS), a Lei 9/2007 de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, ao Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro polo que se aproba o regulamento que desenvolve a devandita lei, e, naquelo que non contradiga ás disposicións anteriores, á Ordenanza Xeral de Subvencións sen ánimo de lucro do Concello de Nigrán (BOP de 22/07/2005).*

*As presentes bases encádranse na liña estratéxica nº 2 das previstas no Plan Estratéxico de Subvencións Municipais (anos 2016 a 2019), aprobado en sesión plenaria do 31/03/16.*

#### **1. OBXECTO DA SUBVENCIÓN:**

*As presentes bases teñen por obxecto regular o outorgamento de subvencións co obxectivo de apoiar o desenvolvemento de programas ou actividades culturais que complementen a programación dos servizos municipais e que se realicen con carácter público en Nigrán.*

#### **2. ENTIDADES BENEFICIARIAS:**

*Poderán solicitar as subvencións reguladas nas presentes bases as asociacións, ou outras entidades asociativas sen ánimo de lucro, que cumprindo co establecido no artigo 10 da lei 9/2007 de 13 de xuño de subvencións de Galicia, figuren inscritas no Rexistro Municipal de Asociacións do Concello de Nigrán cunha antigüidade de como mínimo seis meses respecto da data da convocatoria, e que teñan a súa sede social no termo municipal de Nigrán, con capacidade para levar a cabo as actividades subvencionables.*

#### **3. CONVOCATORIA E FINANCIAMENTO**

*As axudas concederanse con cargo aos créditos orzamentarios que se indiquen na correspondente convocatoria ditada pola Alcaldía, na que se especificará tamén a contía máxima destinada a aquelas.*

*A información contable relativa á execución das distintas aplicacións orzamentarias de*





*subvencións/axudas será exposta ao público trimestralmente no portal de transparencia na páxina web do Concello.*

#### **4. GASTOS SUBVENCIONABLES:**

*Considéranse gastos subvencionables aqueles que sen lugar a dúbida respondan á natureza da actividade subvencionada, e se realicen ata a data límite de xustificación (base 10ª). En ningún caso o custo dos gastos subvencionables poderá ser superior ao valor de mercado.*

*Pola contra, non poderán ser obxecto de subvención:*

- a) Inversións ou equipamentos das Asociacións*
- b) Gastos de funcionamento das mesmas. Neste sentido, non se considerarán gastos subvencionables os consumos de subministros como o teléfono, combustible, enerxía eléctrica dos locais ou calquera outro similar.*
- c) O imposto sobre o valor acrescentado (IVA) que grave os gastos subvencionables só terá a consideración de subvencionable no suposto de non ser recuperable nin compensable pola entidade beneficiaria da subvención.*
- d) Os intereses debedores das contas bancarias, intereses, recargos e sancións administrativas e penais, gastos derivados de procedementos xudiciais, e outros semellantes.*

*O/s proxecto/s ou actividade/s a subvencionar será/n aquel/es que se sinale/n pola entidade no momento da solicitude. Unha vez concedida a subvención para un proxecto ou actividade concretos, non se poderán xustificar gastos correspondentes a proxectos ou actividades diferentes.*

#### **5. CRITERIOS DE OUTORGAMENTO:**

*O importe das subvencións outorgadas non poderá ser de tal contía que, illadamente ou en conxunto con subvencións ou axudas doutras administracións públicas ou outros entes públicos ou privados, supere o custo total do programa ou da actividade para desenvolver polo beneficiario.*

*A concesión das subvencións atenderá a criterios obxectivos e tramitarase en réxime de concorrencia competitiva seguindo a seguinte orde entre as solicitudes admitidas, até que se esgote a partida orzamentaria. Os criterios que a valorar para a concesión das subvencións serán os seguintes:*

*- Características do proxecto:*

*Número de poboación beneficiaria. Ata 30 puntos.*

<i>Ata 10 habitantes.....</i>	<i>0 puntos</i>
<i>11 a 25 “ .....</i>	<i>5 puntos</i>





## CONCELLO DE NIGRÁN (Pontevedra)

Pza Constitución, 1 CP 36350  
Tfno. 986 365 000 Fax 986 383 931

26 a 50 “ .....	10 puntos
51 a 100 “ .....	20 puntos
más de 100 “ .....	30 puntos

- Número de socios da asociación:

*Terase en conta o número de socios segundo o rexistro municipal de asociacións na data da publicación das presentes bases específicas. Ata 30 puntos.*

Ata 50 socios	10 puntos
51 a 100 socios	20 puntos
101 ou máis socios	30 puntos

- Antigüidade no Rexistro Municipal de Asociacións Veciñais.

máis de 8 anos:	20 puntos
de 5 a 7 anos:	15 puntos
de 3 a 4 anos:	10 puntos
ata 2 anos:	5 puntos

- Porcentaxe de cofinanciamento da actividade por medio de achegas económicas das entidades, patrocinios, etc.

*A maior porcentaxe de cofinanciamento, maior puntuación. Ata 10 puntos.*

0 a 49 %	5 puntos
50 a 99 %	10 puntos

- Uso exclusivo de instalacións privadas para desenvolver actividades: 30 puntos

- Emprego da lingua galega na realización das actividades para as que se solicita axuda. 10 puntos

*As entidades que soliciten subvencións ao abeiro desta modalidade obterán a cantidade que resulte da aplicación dos criterios anteriores, co límite máximo total por entidade que se indique na convocatoria.*

### **6. PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES:**

- As solicitudes de subvención dirixiranse ao Ilmo. Sr. Alcalde e presentaranse a través do Rexistro Xeral do Concello ou por calquera das fórmulas establecidas no artigo 16.4 da lei 39/2015 de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.*
- O Prazo de presentación das solicitudes será dun mes contado a partir do día seguinte da publicación da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra.*
- A solicitude de subvención deberá formularse nos modelos normalizados incluídos*





*no anexos I a V incorporados ás presentes bases específicas. Ademais deberá xuntarse a seguinte documentación:*

- *Copia do CIF da entidade solicitante.*
- *Certificación bancaria co IBAN completo, de conformidade coa normativa SEPA da entidade beneficiaria.*

*A mera presentación da solicitude suporá que o solicitante coñece e acepta as presentes bases da convocatoria.*

## **7. EMENDA DE DEFICIENCIAS**

*De existir algún defecto na solicitude ou documentación adxuntos á solicitude, seralle notificado ao interesado/a para que nun prazo de 10 días emende o defecto ou achegue os documentos preceptivos, con indicación de que se non o fixera considerárase desistido na súa petición despois da correspondente resolución, de acordo co disposto 68 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.*

## **8. PROCEDEMENTO DE CONCESIÓN:**

- A instrución do procedemento de concesión das subvencións convocadas correspóndelle á Alcaldía e a valoración das solicitudes corresponderalle á Comisión de Valoración, que estará constituída pola persoa titular da Alcaldía do Concello de Nigrán, a persoa titular da Concellería de Cultura, un concelleiro/a doutros grupos políticos da Corporación por quenda rotatoria, un funcionario/a técnico/a da área de Intervención, e un funcionario da área de Servizos Xerais e que tamén exercerá a secretaría da comisión. Todos e cada un dos membros desta comisión poderán ser substituídos polas persoas nas que delegue cada un deles.*
- A Comisión examinará cada unha das solicitudes presentadas, e aplicará os criterios de valoración aprobados nas presentes bases, a fin de establecer unha prelación entre as mesmas e formular a correspondente proposta de adxudicación a prol de aquelas que obtiveran maior valoración.*
- A contía da subvención que se outorgará a cada beneficiario será directamente proporcional á puntuación obtida, sen que en ningún caso se poda superar o límite por entidade ao que se alude na base 5, nin o conxunto do crédito orzamentario dispoñible que se estableza na convocatoria.*
- A proposta de adxudicación deberá expresar a relación de solicitantes para os que se propón a concesión da subvención, a súa contía individual, así como a puntuación obtida por cada un, por aplicación dos criterios de valoración.*
- O órgano competente para a resolución das solicitudes de subvención é a Alcaldía, previa proposta da Comisión de Valoración.*
- O prazo máximo para resolver as solicitudes de subvención e notificar as resolucións será de tres meses dende o remate do prazo establecido nestas bases*





*para a presentación de solicitudes, e o silencio administrativo será desestimatorio.*

#### **9. OBRIGAS DOS BENEFICIARIOS:**

- a) *Estar ao corrente do cumprimento das obrigas de xustificación das anteriores axudas ou subvencións municipais das que teñan resultado beneficiarias. Non se concederán novas axudas ou subvencións en tanto non se xustificaran axeitadamente as anteriormente obtidas.*
- b) *Cumprir toda as estipulacións destas bases e no marco xurídico definido segundo a lexislación vixente na materia.*
- c) *Asumir as responsabilidades que poidan derivarse da realización dos proxectos ou actividades, entre elas a subscripción dos correspondentes seguros.*
- d) *Comunicar calquera eventualidade, no momento que se produza, na programación, desenvolvemento ou finalización do proxecto ou actividade subvencionado.*
- e) *Informar e publicitar as actividades subvencionadas, facendo constar nun lugar destacado da publicidade dos proxectos e actividades subvencionados a participación do Concello, mediante a inclusión do seu logotipo e anagrama.*
- f) *Reintegrar total ou parcialmente a subvención no suposto de incumprimento das condicións establecidas para a súa concesión.*
- g) *Realizar a actividade subvencionada de conformidade coa memoria do proxecto que servirá de base para solicitar a subvención.*

#### **10. XUSTIFICACIÓN E PAGO DA SUBVENCIÓN:**

*O Pagamento das subvencións efectuarase logo de verificarse polo Concello a documentación xustificativa, de conformidade co previsto nestas bases, e mediante transferencia bancaria.*

*A tramitación da xustificación iniciarase unha vez rematadas as actividades ou programas obxecto da subvención, e tras a presentación a través do Rexistro Xeral do Concello, ou por calquera das fórmulas establecidas no artigo 16.4 da lei 39/2015 de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, da seguinte documentación xustificativa, nos prazos que se indiquen na convocatoria.*

- a) *Solicitud de liquidación da subvención concedida, incorporando a declaración asinada polo representante da entidade beneficiaria na que expresamente faga constar que tódalas facturas orixinais que se presentan como xustificantes foron aplicadas á actividade e aos gastos subvencionados, e que se corresponden aos fins para os que foi concedida a subvención (Anexo VI das presentes bases).*
- b) *Memoria detallada da actividade, que acredite as actividades realizadas, participantes, resultados, obxectivos acadados e calquera outro dato de interese.*





- c) *Memoria económica xustificativa das actividades realizadas, que conterá a seguinte documentación:*
- *Unha relación clasificada das facturas xustificativas dos gastos subvencionables na que conste: número de orde na relación, número de factura, data de emisión, expedidor, NIF/CIF, conceptos facturados, importe, IVE, data de pago. A tal efecto resultará abondo a achega do Anexo VI debidamente cumprimentado.*
  - *As facturas ou documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico-mercantil ou con eficacia administrativa incorporados na relación á que se fai referencia no punto anterior e a documentación acreditativa do pago.*
  - *Unha relación detallada dos ingresos ou subvencións que financiaron a actividade subvencionada con indicación do importe e a súa procedencia (Anexo VII das presentes bases)*
  - *Calquera outra documentación de natureza económica que estimen relevante.*
- d) *Impresos publicitarios realizados con motivo da actividade subvencionada. No caso de non terse editado ningún material publicitario, deberá indicarse tal circunstancia.*

*De non xustificarse a totalidade do importe subvencionable do proxecto ou actividade subvencionada, ingresarase unicamente a parte proporcional que poda corresponder segundo a xustificación achegada.*

*En caso de dúbidas, o Concello poderá requirir á entidade beneficiaria calquera outra documentación ou xustificación.*

*As facturas xustificativas da actividade deberán emitirse a nome da entidade beneficiaria, e cumprir os requisitos establecidos no Real Decreto 1619/2012, de 30 de novembro, polo que se regulan as obrigas de facturación.*

*A falta de presentación da documentación xustificativa en tempo e forma levará consigo a revogación da subvención concedida.*

## **11. SEGUIMIENTO, CONTROL E INSPECCIÓN.**

*O Concello de Nigrán, polos medios que estime oportunos e conforme a normativa en materia de subvencións, comprobará a realización das actividades e o cumprimento dos requisitos e condicións baixo as cales se concedeu a subvención.*

## **12. REINTEGRO E REXIME SANCIONADOR**

*A falsidade ou ocultación dos datos ou documentos achegados polos beneficiarios das subvencións, así como a non xustificación total da mesma, ou destinala a un fin distinto para o que foi concedida, implicará o reintegro das axudas aboadas e a prohibición de beneficiarse de outras novas por un período de 2 anos.*

## **DISPOSICIÓN FINAIS**





**CONCELLO DE NIGRÁN (Pontevedra)**

Pza Constitución, 1 CP 36350  
Tfno. 986 365 000 Fax 986 383 931

D./D<sup>a</sup> \_\_\_\_\_, con DNI nº \_\_\_\_\_, na miña cualidade de \_\_\_\_\_ da entidade/asociación antes indicada, con domicilio a efectos de notificacións no enderezo previamente indicado, declaro ter a condición de representante da entidade/asociación solicitante e ter competencias orgánicas para formular no nome da dita entidade as seguintes declaracións, e, en consecuencia, **DECLARO BAIXO A MIÑA RESPONSABILIDADE:**

Que, de conformidade co establecido na Base 10 das bases específicas das subvencións para actividades de fomento da práctica do deporte no municipio, así como na Ordenanza Xeral de Subvencións do Concello de Nigrán, aprobada polo Pleno da Corporación o 1 de xullo do 2.005 (B.O.P. nº 141 do 22 de xullo do 2.005), presento a conta xustificativa do gasto correspondente ó proxecto / actividade subvencionada, ós efectos de cobro da subvención.

Que as facturas que se presentan como xustificantes foron aplicadas á actividade e aos gastos subvencionados e que corresponden aos fins para os que foi concedida a subvención.

Nº Orde	Factura Nº e data	Proveedor Nif/Cif	Concepto facturado, descrición	Data e forma de pago	IVA	Importe
---------	-------------------	-------------------	--------------------------------	----------------------	-----	---------





**CONCELLO DE NIGRÁN (Pontevedra)**

Pza Constitución,1 CP 36350  
Tfno. 986 365 000 Fax 986 383 931

<b>TOTAL XUSTIFICADO</b>						

Nigrán, \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 20\_\_

Asdo.

**SUBVENCIONS PARA ACTIVIDADES DE FOMENTO DA PRÁCTICA DO DEPORTE NO MUNICIPIO – CONCELLO DE NIGRÁN**

**ANEXO VII**

**DECLARACIÓN RESPONSABLE ( xustificación da subvención )**

**ENTIDADE /ASOCIACIÓN BENEFICIARIA:**

**CIF:**

**ENDEREZO:**

**PROXECTO / GASTO SUBVENCIONADO:**

D./D<sup>a</sup> \_\_\_\_\_ , con DNI nº \_\_\_\_\_ , na miña cualidade de \_\_\_\_\_ da entidade/asociación antes indicada, con domicilio a efectos de notificacións no enderezo previamente indicado, declaro ter a condición de representante da entidade/asociación solicitante e ter competencias orgánicas para formular no nome da dita entidade as seguintes declaracións, e, en consecuencia, **DECLARO BAIXO A MIÑA RESPONSABILIDADE:**

Que, de conformidade co establecido na Base 10 das bases específicas das subvencións para actividades de fomento da práctica do deporte no municipio, así como na Ordenanza Xeral de Subvencións do Concello de Nigrán, aprobada polo Pleno da Corporación o 1 de xullo do 2.005 (B.O.P. nº 141 do 22 de xullo do 2.005),

O proxecto/gasto subvencionado polo Concello de Nigrán **non foi obxecto de cofinanciamento** por outras entidades, patrocinios, etc.







O proxecto/gasto subvencionado polo Concello de Nigrán foi obxecto de cofinanciamento de acordo cos seguintes datos:

Descrición obxecto do ingreso	Procedencia	Importe	Data do ingreso

Nigrán, \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 20\_\_

Asdo.”

**SEGUNDO.-** Proseguir o procedemento correspondente de conformidade co previsto nas disposicións aplicables, encomendándose á Alcaldía-Presidencia a realización das actuacións necesarias para levar a efecto o acordado.

**TERCEIRO.-** Advertir que contra o presente acordo poderá interpoñerse recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano que a ditou no prazo dun mes a contar dende a recepción da presente, recurso que se entenderá desestimado polo transcurso dun mes sen ditarse e notificarse resolución expresa e sen que tal interposición suspenda o acto ordenado; ou ben, directamente, recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-administrativo no prazo de dous meses, contado a partir do día seguinte ó da recepción da presente notificación; todo o anterior sen prexuízo de calquera outro recurso que estime procedente interpoñer e sexa conforme a Dereito.

**Deliberación conxunta dos puntos 3,4 e 5 da orde do día.-** Recóllese no punto 3.

**Votación conxunta e acordo sobre os puntos 3, 4 e 5 da orde do día.** Previa votación ordinaria, adoptouse o acordo que a seguir se fai constar:

- Votos a favor: 17; PSOE, PP, Nigrán Decide, UCN e BNG.
- Votos en contra: Ningún.
- Abstencións: Ningunha.

Coa maioría sinalada, o Pleno do Concello acorda aprobar nos seus propios termos a proposta ditaminada pola Comisión Informativa, indicando a Presidencia que o voto a favor da proposta comporta o levantamento dos reparos da Intervención.

**5.- BASES ESPECÍFICAS QUE REXERÁN A CONCESIÓN DE SUBVENCÍONS PARA O**





## FOMENTO DO ASOCIACIONISMO E ACTIVIDADES FESTEIRAS DO MUNICIPIO

A Comisión Informativa Especial de Contas, con data 18 de abril de 2018, ditamina favorablemente a seguinte proposta:

### **APROBACIÓN DAS BASES ESPECÍFICAS QUE REXERÁN A CONCESIÓN DE SUBVENCÍONS PARA O FOMENTO DO ASOCIACIONISMO E ACTIVIDADES FESTEIRAS DO MUNICIPIO.**

Expte. 2018000589SV

*A liña estratéxica 3 do Plan estratéxico de Subvencións do Concello de Nigrán (Anos 2016 a 2019) ten como obxectivo fomentar e consolidar o asociacionismo e participación cidadá, co fin de reforzar a capacidade de autoorganización e de realización de actividades das entidades asociativas e posibilitar o fortalecemento do tecido social e a promoción da calidade de vida e benestar social da cidadanía.*

*Pola súa parte, a liña estratéxica 8 do mesmo Plan estratéxico ten como obxectivo apoiar institucionalmente a conservación e a consolidación das festas que tradicionalmente se desenvolven ao longo do ano nas diferentes parroquias do municipio.*

*Sendo isto así, de conformidade co previsto no artigo 25.2.i, l, m e n da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, e no artigo 80.2.g, n, e o da Lei 5/1997 de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, propónse ao Pleno a adopción do seguinte ACORDO:*

**PRIMEIRO.-** *Aprobar as bases específicas que rexerán a concesión de subvencións para o fomento do asociacionismo e actividades festeiras do municipio, co texto que se insire a continuación, correspondente á proposta da Concellería de Sanidade, Relacións Veciñais e Comercio obrante ao expediente:*

### **“BASES ESPECIFICAS QUE REXERÁN A CONCESIÓN DE SUBVENCÍONS PARA O FOMENTO DO ASOCIACIONISMO E ACTIVIDADES FESTEIRAS DO MUNICIPIO**

*As presentes bases específicas, que rexerán a concesión de subvencións en réxime de concorrencia competitiva para o desenvolvemento de actividades que persigan o fomento do asociacionismo e a realización de actividades festeiras, estarán suxeitas á Lei 38/3003 do 12 de novembro, Xeral de Subvencións (en adiante LXS), a Lei 9/2007 de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, ao Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro polo que se aproba o regulamento que desenvolve a devandita lei, e, naquelo que non contradiga ás disposicións anteriores, á Ordenanza Xeral de Subvencións sen ánimo de lucro do Concello de Nigrán (BOP de 22/07/2005).*

*As presentes bases encádranse nas liñas estratéxicas nº 3 e 8 das previstas no Plan Estratéxico de Subvencións Municipais (anos 2016 a 2019), aprobado en sesión plenaria do 31/03/2016, e modificado por acordo plenario do 23/02/2017.*

## **1. OBXECTO DA SUBVENCIÓN**





*As presentes bases teñen por obxecto de regular o outorgamento de subvencións co obxectivo de apoiar o desenvolvemento de programas ou actividades de fomento e consolidación do asociacionismo, así como actividades festivas que complementen a programación dos servizos municipais e que se realicen con carácter público en Nigrán.*

## **2. BENEFICIARIOS**

*Poderán solicitar as subvencións reguladas nas presentes bases as asociacións ou outras entidades asociativas sen ánimo de lucro que, cumprindo co establecido no artigo 10 da lei 9/2007 de 13 de xuño de Subvencións de Galicia, figuren inscritas no Rexistro Municipal de Asociacións do Concello de Nigrán cunha antigüidade de como mínimo seis meses respecto da data da convocatoria, e que teñan a súa sede social no termo municipal de Nigrán, con capacidade para levar a cabo as actividades subvencionables.*

## **3. CONVOCATORIA E FINANCIAMENTO**

*As axudas concederanse con cargo aos créditos orzamentarios que se indiquen na correspondente convocatoria ditada pola Alcaldía, na que se especificará tamén a contía máxima destinada a aquelas.*

*A información contable relativa á execución das distintas aplicacións orzamentarias de subvencións/axudas será exposta ao público trimestralmente no portal de transparencia na páxina web do Concello.*

## **4. GASTOS SUBVENCIONABLES**

*Considéranse gastos subvencionables aqueles que sen lugar a dúbida respondan á natureza da actividade subvencionada, e se realicen ata a data límite de xustificación (base 10ª). En ningún caso o custo dos gastos subvencionables poderá ser superior ao valor de mercado.*

*Igualmente, en ningún caso serán subvencionables os intereses debedores das contas bancarias, intereses, recargos e sancións administrativas e penais, os tributos, nin os gastos derivados de procedementos xudiciais, así como outros semellantes.*

*As entidades beneficiarias poderán solicitar subvencións ao abeiro das seguintes modalidades:*

### **4.1. Fomento e consolidación do asociacionismo**

*Nesta modalidade son gastos subvencionables aqueles necesarios para o normal funcionamento da entidade, para o cumprimento dos seus fins e o desenvolvemento das súas actividades sociais.*

*Inclúense dentro dos gastos subvencionables, entre outros, os derivados do subministro de servizos (auga, electricidade, gas, teléfono...) e os seguros obrigatorios.*

### **4.2. Actividades festivas**





*Nesta modalidade son gastos subvencionables aqueles gastos nos que as entidades beneficiarias incorran para a organización de eventos ou actividades festivas concretas.*

## **5. CRITERIOS DE OUTORGAMENTO**

*O importe das subvencións outorgadas non poderá ser de tal contía que, illadamente ou en conxunto con subvencións ou axudas doutras administracións públicas ou outros entes públicos ou privados, supere o custo total do programa ou da actividade para desenvolver polo beneficiario.*

*A concesión das subvencións atenderá a criterios obxectivos e tramitarase en réxime de concorrencia competitiva seguindo a seguinte orde entre as solicitudes admitidas, até que se esgote a partida orzamentaria.*

### **5.1. Para a modalidade de fomento e consolidación do asociacionismo (base 4.1)**

*Os criterios a valorar para a concesión das subvencións nesta modalidade serán os seguintes:*

*- Número de socios da asociación:*

*Ata 30 puntos (segundo rexistro municipal de asociacións na data da publicación das bases específicas da convocatoria para a concesión de subvencións para actividades culturais).  
Ata 30 puntos.*

<i>Ata 50 socios</i>	<i>10 puntos</i>
<i>51 a 100 socios</i>	<i>20 puntos</i>
<i>101 ou máis socios</i>	<i>30 puntos</i>

*- Antigüidade no Rexistro Municipal de Asociacións Veciñais.*

<i>máis de 8 anos:</i>	<i>20 puntos</i>
<i>de 5 a 7 anos:</i>	<i>15 puntos</i>
<i>de 3 a 4 anos:</i>	<i>10 puntos</i>
<i>ata 2 anos:</i>	<i>5 puntos</i>

*As entidades que soliciten subvencións ao abeiro desta modalidade obterán a cantidade que resulte da aplicación dos criterios anteriores, podendo establecerse na convocatoria limitacións por concepto. A convocatoria establecerá o límite máximo total a percibir por cada entidade solicitante.*

### **5.2. Para a modalidade de actividades festivas (base 4.2)**

*Os criterios a valorar para a concesión das subvencións nesta modalidade serán os seguintes:*

*- Características do proxecto:*

*Número de poboación beneficiaria. Ata 30 puntos.*





## CONCELLO DE NIGRÁN (Pontevedra)

Pza Constitución, 1 CP 36350  
Tfno. 986 365 000 Fax 986 383 931

Ata 10 habitantes.....	0 puntos
11 a 25 “ .....	5 puntos
26 a 50 “ .....	10 puntos
51 a 100 “ .....	20 puntos
más de 100 “ .....	30 puntos

- Número de socios da asociación:

Terase en conta o número de socios segundo o rexistro municipal de asociacións na data da publicación das presentes bases específicas. Ata 30 puntos.

Ata 50 socios	10 puntos
51 a 100 socios	20 puntos
101 ou máis socios	30 puntos

- Antigüidade no Rexistro Municipal de Asociacións Veciñais.

máis de 8 anos:	20 puntos
de 5 a 7 anos:	15 puntos
de 3 a 4 anos:	10 puntos
ata 2 anos:	5 puntos

- Porcentaxe de cofinanciamento da actividade por medio de achegas económicas das entidades, patrocinios, etc.

A maior porcentaxe de cofinanciamento, maior puntuación. Ata 10 puntos.

0 a 49 %	5 puntos
50 a 99 %	10 puntos

- Uso exclusivo de instalacións privadas para desenvolver actividades: 30 puntos

- Emprego da lingua galega na realización das actividades para as que se solicita axuda. 10 puntos

As entidades que soliciten subvencións ao abeiro desta modalidade obterán a cantidade que resulte da aplicación dos criterios anteriores, co límite máximo total por entidade que se indique na convocatoria.

### 6. PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES

- As solicitudes de subvención dirixiranse ao Ilmo. Sr. Alcalde e presentaranse a través do Rexistro Xeral do Concello ou por calquera das fórmulas establecidas no artigo 16.4 da lei 39/2015 de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.
- O Prazo de presentación das solicitudes será dun mes contado a partir do día seguinte da publicación da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de





Pontevedra.

c) *A solicitude de subvención deberá formularse nos modelos normalizados incluídos no anexos I a V incorporados ás presentes bases específicas. Ademais deberá xuntarse a seguinte documentación:*

- *Copia do CIF da entidade solicitante.*
- *Certificación bancaria co IBAN completo, de conformidade coa normativa SEPA da entidade beneficiaria.*

*A mera presentación da solicitude suporá que o solicitante coñece e acepta as presentes bases da convocatoria.*

## **7. EMENDA DE DEFECTOS**

*De existir algún defecto na solicitude ou documentación adxuntos á solicitude, seralle notificado ao interesado/a para que nun prazo de 10 días emende o defecto ou achegue os documentos preceptivos, con indicación de que se non o fixera considerárase desistido na súa petición despois da correspondente resolución, de acordo co disposto 76 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.*

## **8. PROCEDIMENTO DE CONCESIÓN**

- a) *A instrución do procedemento de concesión das subvencións convocadas correspóndelle á Alcaldía e a valoración das solicitudes corresponderalle á Comisión de Valoración, que estará constituída pola persoa titular da Alcaldía do Concello de Nigrán, a persoa titular da Concellería de Deportes, un concelleiro/a doutros grupos políticos da Corporación por quenda rotatoria, un funcionario/a técnico/a da área de Intervención, e un funcionario da área de Servizos Xerais e que tamén exercerá a secretaría da comisión. Todos e cada un dos membros desta comisión poderán ser substituídos polas persoas nas que delegue cada un deles.*
- b) *A Comisión examinará cada unha das solicitudes presentadas, e aplicará os criterios de valoración aprobados nas presentes bases, a fin de establecer unha prelación entre as mesmas e formular a correspondente proposta de adxudicación a prol de aquelas que obtiveran maior valoración.*
- c) *As primeiras solicitudes a valorar serán as formuladas ao abeiro da base 4.1, propoñéndose a asignación das subvencións de conformidade cos criterios de valoración e límites individuais por entidade indicados na base 5.1, e co límite global que para este concepto se estableza na convocatoria.*
- d) *Logo do anterior valoráranse as solicitudes formuladas ao abeiro da base 4.2, propoñendo a asignación das subvencións de conformidade cos criterios de valoración e límites individuais por entidade indicados na base 5.2, e co límite global do crédito orzamentario restante logo da proposta de asignación referida no parágrafo previo.*





- e) *A proposta de adxudicación deberá expresar a relación de solicitantes para os que se propón a concesión da subvención, a súa contía individual, así como a puntuación obtida por cada un, por aplicación dos criterios de valoración.*
- f) *O órgano competente para a resolución das solicitudes de subvención é a Alcaldía, previa proposta da Comisión de Valoración.*
- g) *O prazo máximo para resolver as solicitudes de subvención e notificar as resolucións será de tres meses dende o remate do prazo establecido nestas bases para a presentación de solicitudes, e o silencio administrativo será desestimatorio.*

## **9. OBRIGAS DOS BENEFICIARIOS**

- a) *Estar ao corrente do cumprimento das obrigas de xustificación das anteriores axudas ou subvencións municipais das que teñan resultado beneficiarias. Non se concederán novas axudas ou subvencións en tanto non se xustificaran axeitadamente as anteriormente obtidas.*
- b) *Cumprir toda as estipulacións destas bases e no marco xurídico definido segundo a lexislación vixente na materia.*
- c) *Asumir as responsabilidades que poidan derivarse da realización dos proxectos ou actividades, entre elas a subscripción dos correspondentes seguros.*
- d) *Comunicar calquera eventualidade, no momento que se produza, na programación, desenvolvemento ou finalización do proxecto ou actividade subvencionado.*
- e) *Informar e publicitar as actividades subvencionadas, facendo constar nun lugar destacado da publicidade dos proxectos e actividades subvencionados a participación do Concello, mediante a inclusión do seu logotipo e anagrama.*
- f) *Reintegrar total ou parcialmente a subvención no suposto de incumprimento das condicións establecidas para a súa concesión.*
- g) *Realizar a actividade subvencionada de conformidade coa memoria do proxecto que servirá de base para solicitar a subvención.*

## **10. XUSTIFICACIÓN E PAGO DA SUBVENCIÓN**

*O Pagamento das subvencións efectuarase logo de verificarse polo Concello a documentación xustificativa, de conformidade co previsto nestas bases, e mediante transferencia bancaria.*

*A tramitación da xustificación iniciarase unha vez rematadas as actividades ou programas obxecto da subvención, e tras a presentación a través do Rexistro Xeral do Concello, ou por calquera das fórmulas establecidas no artigo 16.4 da lei 39/2015 de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, da seguinte documentación xustificativa, nos prazos que se indiquen na convocatoria.*





- a) *Solicitud de liquidación da subvención concedida, incorporando a declaración asinada polo representante da entidade beneficiaria na que expresamente faga constar que tódalas facturas orixinais que se presentan como xustificantes foron aplicadas á actividade e aos gastos subvencionados, e que se corresponden aos fins para os que foi concedida a subvención (Anexo VI das presentes bases).*
- b) *Memoria detallada da actividade, que acredite as actividades realizadas, participantes, resultados, obxectivos acadados e calquera outro dato de interese.*
- c) *Memoria económica xustificativa das actividades realizadas, que conterá a seguinte documentación:*
- *Unha relación clasificada das facturas xustificativas dos gastos subvencionables na que conste: número de orde na relación, número de factura, data de emisión, expedidor, NIF/CIF, conceptos facturados, importe, IVE, data de pago. A tal efecto resultará abondo a achega do Anexo VI debidamente cumprimentado.*
  - *As facturas ou documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico-mercantil ou con eficacia administrativa incorporados na relación á que se fai referencia no punto anterior e a documentación acreditativa do pago.*
  - *Unha relación detallada dos ingresos ou subvencións que financiaron a actividade subvencionada con indicación do importe e a súa procedencia (Anexo VII das presentes bases)*
  - *Calquera outra documentación de natureza económica que estimen relevante.*
- d) *Impresos publicitarios realizados con motivo da actividade subvencionada. No caso de non terse editado ningún material publicitario, deberá indicarse tal circunstancia.*

*De non xustificarse a totalidade do importe subvencionable do proxecto ou actividade subvencionada, ingresarase unicamente a parte proporcional que poda corresponder segundo a xustificación achegada.*

*En caso de dúbidas, o Concello poderá requirir á entidade beneficiaria calquera outra documentación ou xustificación.*

*As facturas xustificativas da actividade deberán emitirse a nome da entidade beneficiaria, e cumprir os requisitos establecidos no Real Decreto 1619/2012, de 30 de novembro, polo que se regulan as obrigas de facturación.*

*A falta de presentación da documentación xustificativa en tempo e forma levará consigo a revogación da subvención concedida.*

## **11. SEGUIMIENTO, CONTROL E INSPECCIÓN**

*O Concello de Nigrán, polos medios que estime oportunos e conforme á normativa en materia de subvencións, comprobará a realización das actividades e o cumprimento dos requisitos e condicións baixo as cales se concedeu a subvención.*







## 12. REINTEGRO E REXIME SANCIONADOR

*A falsidade ou ocultación dos datos ou documentos achegados polos beneficiarios das subvencións, así como a non xustificación total da mesma, ou destinala a un fin distinto para o que foi concedida, implicará o reintegro das axudas aboadas e a prohibición de beneficiarse de outras novas por un período de 2 anos.*

### DISPOSICIÓNS FINAIS

1. O Concello de Nigrán quedará exento de calquera responsabilidade civil, mercantil, laboral ou calquera outra derivada das actuacións ás que estean obrigadas os beneficiarios das subvencións outorgadas.

2. En todo aquilo non previsto nas presentes bases estarase ao establecido nas disposicións legais vixentes aplicables na materia de subvencións.

3. De acordo coa Disposición Adicional Décima da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións, poderanse convocar premios relacionados coa materia obxecto das presentes bases, con cargo ás partidas orzamentarias que no seu caso se indiquen na correspondente convocatoria ditada pola Alcaldía.

*A dita convocatoria respectará o contido da Lei referida, agás naqueles aspectos nos que, pola especial natureza das subvencións, non resulte aplicable.*

## SUBVENCIONES PARA O FOMENTO DO ASOCIACIONISMO E ACTIVIDADES FESTEIRAS DO MUNICIPIO – CONCELLO DE NIGRÁN

### ANEXO I

#### SOLICITUDE DE SUBVENCION

D/D<sup>a</sup> ....., con DNI ....., na súa calidade de .....

ENTIDADE/ASOCIACIÓN.....

.....,  
con NIF ....., domiciliada en .....

Inscrita no REXISTRO DE ASOCIACIONES con data ....., e con nº do Rexistro Municipal de Asociacións .....

Domicilio para notificacións c/ .....

Número de teléfono de contacto .....

#### EXPON:

Que á vista da convocatoria de subvencións indicada no encabezamento,

#### SOLICITA:

Lle sexa concedida unha subvención de..... € para os seguintes proxectos:





**CONCELLO DE NIGRÁN (Pontevedra)**

Pza Constitución, 1 CP 36350  
Tfno. 986 365 000 Fax 986 383 931

- 1. ...., *cun custo de* ..... €
- 2. ...., *cun custo de* ..... €
- 3. ...., *cun custo de* ..... €

O custo total ascende a .....€, para o que se xuntan os documentos requiridos, dando fe da veracidade dos mesmos e certificándoos.

*Documentos que se xuntan:*

- 1.....
- 2.....
- 3.....
- 4.....

Nigrán, \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 20\_\_

*Asdo.*

**SUBVENCÍONS PARA O FOMENTO DO ASOCIACIONISMO  
E ACTIVIDADES FESTEIRAS DO MUNICIPIO – CONCELLO DE NIGRÁN**

**ANEXO II**

**MEMORIA XERAL DA ENTIDADE**

- Nome: .....
- Domicilio: .....
- C.P.: .....
- Teléfono: .....
- CIF: .....
- Ano de Constitución: .....
- Nº Inscripción no Rexistro Municipal: .....
- Ano de elección da Xunta Directiva: .....
- Ámbito de actuación: .....
- Nº de socios: .....
- Nº persoas contratadas: .....
- Nº voluntarios: .....
- Fins: .....

*Relación de programas e actividades desenvoltos durante o ano anterior:*





**ORZAMENTO DE INGRESOS ANUAIS DA ENTIDADE**

Cuotas de socios: .....

Xerais: .....

Financeiros: .....

Subvencións recibidas ou solicitadas a Administracións Públicas:

.....  
.....

Outros ingresos: .....

**TOTAL ORZAMENTO DE INGRESOS:** .....

Nigrán, \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 20\_\_

Asdo.

**SUBVENCÍONS PARA O FOMENTO DO ASOCIACIONISMO  
E ACTIVIDADES FESTEIRAS DO MUNICIPIO – CONCELLO DE NIGRÁN**

**ANEXO III**

**MEMORIA EXPLICATIVA DO PROXECTO PARA O QUE SE SOLICITA SUBVENCIÓN**

**ENTIDADE /ASOCIACIÓN SOLICITANTE:**

**CIF:**

**ENDEREZO:**

i) *Fundamentación do proxecto.*

j) *Obxectivos que persegue.*

k) *Descrición do sector de poboación ó que se dirixe.*





**CONCELLO DE NIGRÁN (Pontevedra)**

Pza Constitución, 1 CP 36350  
Tfno. 986 365 000 Fax 986 383 931

*l) Número de destinatarios e idades.*

*e) Actividade desenvolvida en galego*    *SI*                      *NON*

*f) Descrición e desenvolvemento de actividades.*

*Descrición das actividades e custo:*

*Temporalización:*

*g) Recursos humanos e materiais a utilizar.*

*h) Formas de avaliación do proxecto*

- *Resultados*
- *Impacto*

*i) Orzamento detallado:*

**1. INGRESOS PREVISTOS:**





# CONCELLO DE NIGRÁN (Pontevedra)

Pza Constitución, 1 CP 36350  
Tfno. 986 365 000 Fax 986 383 931

- a) Subvención solicitada ó Concello de Nigrán .....
- b) Subvención solicitada a outras Entidades/Administración .....
- c) Aportación da Entidade solicitante .....
- d) Aportación de usuarios .....
- e) Aportación de socios .....
- f) Aportación doutras entidades .....
- g) Outros .....

<b>TOTAL DE INGRESOS PREVISTOS</b>	
------------------------------------	--

## 2. GASTOS PREVISTOS:

Tipo	Concello	Entidade	Otras Admóns.	Custe Total
Compra material				
Arrendamentos				
Transporte				
Subministros				
Servizos Prof.				
Outros				

<b>TOTAL DE GASTOS PREVISTOS</b>	
----------------------------------	--

Orzamento total do proxecto: ..... €.

Otras subvencións demandas, previstas e recibidas: .....

.....  
.....  
.....

Contía total solicitada nesta convocatoria de subvencións: .....€.

Contía solicitada ou percibida doutras institucións co mesmo obxecto: ..... €.

Nigrán, \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 20\_\_

Asdo.





CONCELLO DE NIGRÁN (Pontevedra)

Pza Constitución,1 CP 36350  
Tfno. 986 365 000 Fax 986 383 931

**SUBVENCÍONS PARA O FOMENTO DO ASOCIACIONISMO  
E ACTIVIDADES FESTEIRAS DO MUNICIPIO – CONCELLO DE NIGRÁN**

**ANEXO IV**

**DATOS DA ENTIDADE BANCARIA  
Á QUE SE DEBE TRANSFERIR O IMPORTE DA SUBVENCIÓN**

**ENTIDADE /ASOCIACIÓN SOLICITANTE:**

**CIF:**

**ENDEREZO:**

Banco: .....

Domicilio:..... C.P.....

Localidade: ..... Provincia .....

IBAN: .....

*\*A entidade titular da conta bancaria terá que coincidir coa entidade solicitante da subvención*

Nigrán, \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 20\_\_

Asdo.

**SUBVENCÍONS PARA O FOMENTO DO ASOCIACIONISMO  
E ACTIVIDADES FESTEIRAS DO MUNICIPIO – CONCELLO DE NIGRÁN**

**ANEXO V**

**DECLARACIÓN RESPONSABLE (solicitud de subvención)**

**ENTIDADE /ASOCIACIÓN SOLICITANTE:**

**CIF:**

**ENDEREZO:**

D./D<sup>a</sup> \_\_\_\_\_, con DNI nº \_\_\_\_\_, na miña cualidade de \_\_\_\_\_ da entidade/asociación antes indicada, con domicilio a efectos de notificacións no enderezo previamente indicado, declaro ter a condición de representante da entidade/asociación solicitante e ter competencias orgánicas para formular no nome da dita entidade as seguintes declaracións, e, en consecuencia:





1. Declaro baixo a miña responsabilidade que a entidade/asociación solicitante das subvencións ás que se refire a convocatoria de referencia se atopa ao corrente das obrigas coa Seguridade Social, Facenda de Galicia e Axencia Estatal da Administración Tributaria.
2. Declaro baixo a miña responsabilidade que os gastos nos que poda incurrir a entidade/asociación solicitante en concepto de IVE, en función do seu carácter recuperable ou compensable pola dita entidade/asociación,  
 Teñen carácter subvencionable  
 Non teñen carácter subvencionable
3. Autorizo ao Concello de Nigrán a recabar da Axencia Estatal da Administración Tributaria, da Facenda de Galicia e da Tesourería da Seguridade Social, a información necesaria a estes efectos acerca dos ingresos da entidade/asociación beneficiaria antes mencionada nos exercicios 2016/2017.

Nigrán, \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 20\_\_

Asdo.

**SUBVENCÍONS PARA O FOMENTO DO ASOCIACIONISMO  
E ACTIVIDADES FESTEIRAS DO MUNICIPIO – CONCELLO DE NIGRÁN**

**ANEXO VI**

**XUSTIFICACIÓN DA SUBVENCIÓN**

**ENTIDADE /ASOCIACIÓN BENEFICIARIA:**

**CIF:**

**ENDEREZO:**

**PROXECTO / GASTO SUBVENCIONADO:**

D./D<sup>a</sup> \_\_\_\_\_, con DNI nº \_\_\_\_\_, na miña cualidade de \_\_\_\_\_ da entidade/asociación antes indicada, con domicilio a efectos de notificacións no enderezo previamente indicado, declaro ter a condición de representante da entidade/asociación solicitante e ter competencias orgánicas para formular no nome da dita entidade as seguintes declaracións, e, en consecuencia,  
**DECLARO BAIXO A MIÑA RESPONSABILIDADE:**

Que, de conformidade co establecido na Base 10 das bases específicas das subvencións para actividades de fomento do asociacionismo e actividades festeiras do municipio, así como na Ordenanza Xeral de Subvencións do Concello de Nigrán, aprobada polo Pleno da Corporación o 1 de xullo do 2.005 (B.O.P. nº 141 do 22 de xullo do 2.005), presento a conta xustificativa do gasto correspondente ó proxecto / actividade subvencionada, ós efectos de





**CONCELLO DE NIGRÁN (Pontevedra)**

Pza Constitución,1 CP 36350  
Tfno. 986 365 000 Fax 986 383 931

*cobro da subvención.*

*Que as facturas que se presentan como xustificantes foron aplicadas á actividade e aos gastos subvencionados e que corresponden aos fins para os que foi concedida a subvención.*

<b>Nº Orde</b>	<b>Factura Nº e data</b>	<b>Proveedor Nif/Cif</b>	<b>Concepto facturado, descrición</b>	<b>Data e forma de pago</b>	<b>IVA</b>	<b>Importe</b>
<b>TOTAL XUSTIFICADO</b>						

Nigrán, \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 20\_\_

Asdo.

**SUBVENCÍONS PARA O FOMENTO DO ASOCIACIONISMO  
E ACTIVIDADES FESTEIRAS DO MUNICIPIO – CONCELLO DE NIGRÁN**

**ANEXO VII**

**DECLARACIÓN RESPONSABLE ( xustificación da subvención )**

**ENTIDADE /ASOCIACIÓN BENEFICIARIA:**

**CIF:**

**ENDEREZO:**

**PROXECTO / GASTO SUBVENCIONADO:**

*D./D<sup>a</sup> \_\_\_\_\_, con DNI nº \_\_\_\_\_, na miña cualidade de \_\_\_\_\_ da entidade/asociación antes indicada, con domicilio a efectos de notificacións no enderezo previamente indicado, declaro ter a condición de representante da entidade/asociación solicitante e ter competencias orgánicas para formular no nome da dita entidade as seguintes declaracións, e, en consecuencia, **DECLARO BAIXO A MIÑA RESPONSABILIDADE:***

*Que, de conformidade co establecido na Base 10 das bases específicas das subvencións*







## CONCELLO DE NIGRÁN (Pontevedra)

Pza Constitución, 1 CP 36350  
Tfno. 986 365 000 Fax 986 383 931

para o fomento do asociacionismo e actividades festivas do municipio, así como na Ordenanza Xeral de Subvencións do Concello de Nigrán, aprobada polo Pleno da Corporación o 1 de xullo do 2.005 (B.O.P. nº 141 do 22 de xullo do 2.005),

O proxecto/gasto subvencionado polo Concello de Nigrán **non foi obxecto de cofinanciamento** por outras entidades, patrocinios, etc.

O proxecto/gasto subvencionado polo Concello de Nigrán **foi obxecto de cofinanciamento** de acordo cos seguintes datos:

Descrición obxecto do ingreso	Procedencia	Importe	Data do ingreso

Nigrán, \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 20\_\_

Asdo.”

**SEGUNDO.-** Proseguir o procedemento correspondente de conformidade co previsto nas disposicións aplicables, encomendándose á Alcaldía-Presidencia a realización das actuacións necesarias para levar a efecto o acordado.

**TERCEIRO.-** Advertir que contra o presente acordo poderá interpoñerse recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano que a ditou no prazo dun mes a contar dende a recepción da presente, recurso que se entenderá desestimado polo transcurso dun mes sen dítarse e notificarse resolución expresa e sen que tal interposición suspenda o acto ordenado; ou ben, directamente, recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-administrativo no prazo de dous meses, contado a partir do día seguinte ó da recepción da presente notificación; todo o anterior sen prexuízo de calquera outro recurso que estime procedente interpoñer e sexa conforme a Dereito.

**Deliberación conxunta dos puntos 3,4 e 5 da orde do día.- Recóllese no punto 3.**

**Votación conxunta e acordo sobre os puntos 3, 4 e 5 da orde do día.** Previa votación ordinaria, adoptouse o acordo que a seguir se fai constar:

- Votos a favor: 17; PSOE, PP, Nigrán Decide, UCN e BNG.
- Votos en contra: Ningún.
- Abstencións: Ningunha.





## CONCELLO DE NIGRÁN (Pontevedra)

Pza Constitución,1 CP 36350  
Tfno. 986 365 000 Fax 986 383 931

Coa maioría sinalada, o Pleno do Concello acorda aprobar nos seus propios termos a proposta ditaminada pola Comisión Informativa, indicando a Presidencia que o voto a favor da proposta comporta o levantamento dos reparos da Intervención.

\*\*\*

Ao non haber máis asuntos que tratar, rematouse o acto, e o Sr. Alcalde levantou a sesión á hora anteriormente consignada, do que eu, Secretario, dou fe.

O SECRETARIO

Vº e Prace  
O ALCALDE  
Juan Antonio González Pérez

